

## CONVOCATORIA DE AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOCTORAL DO PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E CRECEMENTO 2011-2015 (PLAN I2C)

ANO 2014

No [Diario Oficial de Galicia](#) do día 5 de agosto de 2014 publicouse a orde do 24 de xullo pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral do Plan Galego de Investigación, Innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2014.

### MODALIDADES D E AXUDAS

**Modalidade A:** Contrato dun **máximo de dous anos** de duración para a realización de estadias no estranxeiro e un **contrato de retorno dun ano de duración** nunha universidade do SUG.

**Modalidade B:** Contratos de dous anos de duración, sen posibilidade de prórroga, nunha universidade do SUG, dirixidos ao persoal doutor investigador beneficiario dun contrato nunha universidade do SUG da convocatoria 2010 do Programa Isidro Parga Pondal do Plan Incite que permanecese nel ata o 1 de xuño de 2014.

### LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Establécense dous prazos de presentación de solicitudes:

#### MODALIDADE B

A documentación relativa a esta modalidade deberá remitirse, **antes das 14 horas do día 25 de agosto de 2014**, debidamente cumprimentada, asinada e referenciada (no caso dos anexos indicando o seu número e nos demais casos indicando o nome do documento) ao enderezo electrónico [cittinfo@usc.es](mailto:cittinfo@usc.es)

#### MODALIDADE A

A documentación relativa a esta modalidade deberá remitirse, **antes das 14 horas do día 5 de novembro de 2014**, debidamente cumprimentada, asinada e referenciada (no caso dos anexos indicando o seu número e nos demais casos indicando o nome do documento) ao enderezo electrónico [cittinfo@usc.es](mailto:cittinfo@usc.es)

## PROCEDIMENTO DE FORMALIZACIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes deberán ser presentadas pola Universidade de Santiago de Compostela, para o que os investigadores candidatos deberán presentar, debidamente cumprimentados e, de ser o caso, asinados os seguintes modelos oficiais da convocatoria:

- Documento de solicitude ([anexo III](#)) (**recoméndase o uso do Adobe Acrobat Pro**)
- Documento asinado pola persoa candidata a ser destinataria da axuda aceptando a súa candidatura ([anexo V](#)).
- Documento asinado polo responsable ou coordinador do grupo de investigación aceptando á persoa candidata a ser destinataria da axuda no seo do grupo ([anexo VI](#)).
- Documento asinado polo Director do departamento manifestando a súa conformidade para a integración no seu departamento da persoa candidata a ser destinataria da axuda. ([anexo VII](#)).
- Declaración opcional da persoa candidata a ser destinataria da axuda do compromiso de utilizar a lingua galega na memoria final da actividade ([anexo V](#)).
- Fotocopia do NIF da persoa candidata a ser destinataria da axuda, só no caso de non autorizar a comprobación dos datos persoais a través do Sistema de Verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que se recolle no anexo V, ou a fotocopia do pasaporte, no caso de cidadáns non comunitarios que non teñan permiso de residencia en España.
- Declaración da rama de coñecemento e da área temática ás cales se adscribe a persoa candidata a ser destinataria da axuda ([anexo V](#)).

Ademais da documentación indicada, deberá achegarse a seguinte documentación da persoa candidata a ser destinataria da axuda:

### MODALIDADE A:

- a) Copia do título de doutor ou doutro acreditativo de ter alcanzado o dito grao no que conste a data da súa obtención. No caso de título de doutor obtido no estranxeiro, fotocopia da homologación ou da solicitude de homologación presentada ante o órgano competente.
- b) Copia do título de licenciatura, grao ou equivalente. Esta documentación unicamente terá que entregarse se o título de licenciatura, grao ou equivalente foi obtido nunha universidade do SUG e o título de doutor nunha universidade de fóra do SUG.
- c) Currículo vitae do investigador candidato a ser destinatario da axuda nun modelo normalizado (formato pdf) acompañado dos documentos xustificativos dos méritos alegados e as copias de publicacións ou documentos científico técnicos, contribucións a congresos, etc, que se citen no currículo vitae:  
[Modelo CV Secretaria Xeral de Universidades](#) // [Modelo CV Ministerio](#)

- d) Plan de traballo (cunha extensión de 1.200-2.000 palabras e asinado polo interesado e o coordinador do grupo de investigación, das actividades que o solicitante propón realizar durante a vixencia do programa.
- e) Plan de estadía detallado en que se indiquen os períodos de estadía previstos, a súa duración e os centros de destino escollidos, así como unha xustificación da importancia e relevancia internacional dos centros e grupos de destino para o traballo que se vai desenvolver. As estadías deberán ser dun mínimo de 6 meses en cada un dos centros seleccionados. Este plan terá que estar asinado pola persoa candidata a ser destinataria da axuda e o coordinador do grupo que figura na solicitude. Para cada un dos centros de destino engadirase carta de aceptación da estadía asinada polo director do centro ou figura equivalente.
- f) Declaración responsable de non ter sido seleccionado nos programas posdoutorais Angeles Alvariño e Isidro Parga Pondal do Plan Incite, nos programas Juan de la Cierva e Ramón y Cajal e non ter gozado con anterioridade de ningunha axuda posdoutoral que recolla estadías en centros de investigación no estranxeiro de dous ou mais anos de duración.

#### **MODALIDADE B:**

- a) Plan de traballo (cunha extensión de 1.200-2.000 palabras asinado pola persoa candidata), das actividades académico investigadoras que a persoa propón realizar durante o período do contrato.

Currículo vitae do investigador candidato a ser destinatario da axuda no modelo normalizado (formato pdf.) acompañado dos documentos xustificativos dos méritos alegados xunto coas copias de publicacións ou documentos científico-técnicos, contribucións a congresos, etc, que se citen no CV. Sinalaranse de xeito expreso e detallado as melloras no currículo vitae durante o tempo contratado no programa Parga Pondal: [Modelo CV Secretaria Xeral de Universidades](#) // [Modelo CV Ministerio](#)

- b) Memoria (extensión de 1.000-2.000 palabras), asinada pola persoa candidata, relativa á actividade de investigación desenvolvida nos anos que foi contratada no programa Parga Pondal. Nesta memoria deberase facer fincapé expreso nos seguintes aspectos:
  - Achegas en forma de artigos orixinais, libros ou capítulos, sobre todo naquelas achegas en que a persoa candidata sexa responsable do traballo ou principal executora. Deberase facer unha breve recensión (de non mais de 500 palabras) da relevancia das achegas deste punto.
  - Actividade da persoa candidata no liderado de grupos de investigación, liñas de traballo ou de obter financiamento en convocatorias públicas

competitivas das administracións públicas ou de entidades privadas sen ánimo de lucro, sinalando ademais os resultados do grupo investigador que dirixe.

- Patentes rexistradas, destacando especialmente a extensión da protección da patente nacional, europea ou polo tratado de cooperación de patentes (PCT).
- Actividade formativa da persoa candidata, especialmente a relacionada coa formación de doutores e a dirección de teses de doutoramento.

c) Certificado da Universidade de que a persoa candidata foi contratada ao abeiro do programa Isidro Parga Pondal (convocatoria 2010) e permaneceu nel ata o 1 de xuño de 2014. **Este certificado non é necesario solicitado incluírase de oficio.**

## REQUISITOS DOS CANDIDATOS

**Modalidade A**, os candidatos a esta modalidade de axuda deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ter o título de licenciado, grao ou equivalente ou o título de doutoramento dunha universidade do SUG. Non obstante as persoas que non acadasen ningunha destas titulacións nunha universidade do SUG tamén poderán optar á axuda, aínda que o número máximo das que se poderán conceder neste suposto non poderá exceder o 10% do total das concedidas.
- Estar en posesión do grao de doutor e que este fose obtido en data igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2009. Entenderase como data de obtención do título de doutor a data de lectura e aprobación da tese de doutoramento.

A data de obtención do título de doutor poderá ser anterior ao 1 de xaneiro de 2009 pero igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2007, no caso dos titulados que acrediten fidedignamente que se atopaban de baixa maternal ou que tiñan a cargo menores de 3 anos entre o 1 de xaneiro de 2007 e o 31 de decembro de 2008..

- Non ter sido seleccionado nos programas posdoutorais Angeles Alvariño e Isidro Parga Pondal do Plan Incite, nos programas Juan de la Cierva e Ramón y Cajal e non ter gozado con anterioridade de ningunha axuda posdoutoral que recolla estadías en centros de investigación no estranxeiro de dous ou mais anos de duración.

**Modalidade B**, os candidatos a esta modalidade de axuda deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ter sido seleccionado para unha universidade do SUG na convocatoria do 2010 do programa Isidro Parga Pondal do Plan Incite..
- Que permanecesen no programa ata o 1 de xuño de 2014.

O contrato desenvolverase na mesma universidade e área en que a persoa contratada desenvolveu o seu contrato Isidro Parga Pondal. Non se autorizarán cambios de praza e área durante a vixencia do contrato.

### DATOS DE INTERESE

Indícanse a continuación algúns datos de interese necesarios para cumprimentar a solicitude.

<b>Razón Social:</b>	Universidade de Santiago de Compostela
<b>CIF da USC:</b>	Q 1518001-A
<b>Representante legal</b>	Isabel Rodríguez-Moldes Rey
<b>NIF:</b>	32624207H
<b>Enderezo</b>	Campus Vida s/n, 15782 Santiago de Compostela
<b>Teléfono:</b>	881811000 16201
<b>Telefax:</b>	881816203
<b>Correo electrónico</b>	<a href="mailto:cittinfo@usc.es">cittinfo@usc.es</a>
<b>Dirección:</b>	Edificio Cactus, Campus Vida
<b>Código Postal:</b>	15782 Santiago

Para consultar calquera dúbida sobre a convocatoria poderá poñerse en contacto:

**OIT: Extensións 16215, 16253, 16252, 16213**

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2014  
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación